



CAMPIONATO DE GALICIA DE SLALOM 2015



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



REGULAMENTO PARTICULAR

**PROBA: XVII SLALOM
CONCELLO DE TOURO
CIRCUITO: URBÁN (TOURO)
PROVINCIA: A CORUÑA
DATA: 7 DE NOVEMBRO DE 2.015**



I) ORGANIZACIÓN:

A **Escudería Touro Motor** organiza o **XVII Slalom Concello de Touro** o día 7 de Novembro de 2.015, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom 2.015.

II) VEHÍCULOS ADMITIDOS:

Admitiranse os vehículos de:

AGRUPACIÓN I: Ata 1.150 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN II: Dende 1.151 c.c. a 1.600 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN III: A partir 1.601 c.c. (Tracción dianteira).

AGRUPACIÓN IV: Tódalas cilindradas (Tracción traseira).

AGRUPACIÓN V: Tódalas cilindradas (Tracción total).

AGRUPACIÓN VI: Vehículos do Grupo P.

Poderán participar toda clase de vehículos turismo, con carrocería cerrada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estén homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da I.T.V. e seguro obrigatorio (SOA) en vigor.

Autorízase o uso de neumáticos de competición (slicks ou similares), e prohibese a utilización dos denominados de: tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.

III) SEGUROS:

Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G. de A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei de circulación).

IV) CONCURSANTES ADMITIDOS:

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2015 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

V) INSCRIPCIÓN:

Dereitos de inscrición: 50 € (ata 90€ subvencionado pola Escudería).

As solicitudes de inscrición admitiranse ata 72 horas antes da celebración da proba, e a organización remitirá copia á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou fax, antes da celebración da mesma.

A solicitude de inscrición para quen desexe participar no **XVII Slalom Concello de Touro** será remitida, **debidamente cumprimentada e PREFERENTEMENTE POR E-MAIL**, á secretaría da Escudería, sita en:

R/Pucho Boedo s/n, 15.822 TOURO (A CORUÑA).

Teléfono: 607 110 099

E-mail: escuderiatouromotor@gmail.com

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2.015.

Non se devolverán os dereitos de inscrición a ningún participante, unha vez publicada a lista de inscritos.



Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos de calquera das formas seguintes:

- Na secretaría da escudería (en efectivo).
- Na conta corrente nº **ES58 2080 0321 77 3040007995 (ABANCA)**.

A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada do recibo de pagamento dos dereitos de inscrición.

Os dereitos de inscrición comprenden o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

VI) CIRCUÍTO:

O circuíto de asfalto plan redial nacional, estará emprazado nas **rúas do Concello de Touro**.

VII) PREMIOS:

Tratándose dunha proba de **Coficiente 8**, os premios a repartir serán os seguintes:

POSTO	PREMIO
1º	320 €
2º	220 €
3º	120 €
4º	100 €
5º	90 €
6º	80 €
TOTAL:	930 €

Teranse que entregar alomenos Trofeos os 6 primeiros da Xeral Scratch, e os 3 primeiros de cada agrupación.

VIII) DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
05/10/2015	09:00	Apertura de inscricións	Escudería Touro Motor. R/Pucho Boedo s/n. 15822 TOURO Tel. : 607 110 099 Mail: escuderiatouromotor@gmail.com
04/11/2015	20:00	Peche de inscricións	
05/11/2015	22:00	Publicación Lista de inscritos	
07/11/2015	09:00	Verificacións Administrativas	
	09:30	Verificacións Técnicas	
	11:00	Presentación Pilotos Parque Pechado	
	11:30	Publicación Lista Autorizados a toma-la Saída	
	12:00	Saída 1º Participante Adestramentos	
	15:00	Saída 1ª Manga Oficial	
	A continuacion	Saída 2ª Manga Oficial	
	Publicación de Resultados		
	Entrega de Premios e Trofeos		

IX) OFICIAIS DA PROBA:

Presidente Escudería:	D. JOSE RAMON GONZALEZ VILLAR.	GA-1864-OA
Director de Carreira:	D. ADOLFO MAREQUE MARTINEZ.	GA-0985-OA
Xefe Seguridade Vial:	D. JOSE RAMON GONZALEZ VILLAR.	GA-1864-OA



Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no **COMPLEMENTO nº1**, antes da celebración do slalom.

MÉDICO DA PROBA: D. FRANCISCO FERNANDEZ MARTINEZ, COLEXIADO Nº3456

Don D. JOSE RAMON GONZALEZ VILLAR, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número GA-1864-OA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba
33283771B. GA-0985-OA

Entidade: Escudería Touro Motor

C.I.F.: G – 70.120.733

Asdo: Presidente D. José Ramón González Villar
Licencia GA-1864-OA

Fdo: Xefe de Seguridade Vial
33279440G. GA-1864-OA



ADVERTENCIA: O croquis terá que ser o mesmo ó que se leve a bo termo o día da proba, baixo a exclusiva responsabilidade do Director da proba e do Presidente da Entidade Organizadora, así como do Xefe de Seguridade Vial.


*** ADXÚNTASE CROQUIS/PLANO (CON MEDIDAS E DISTANCIAS EN METROS ENTRE CONOS E PORTAS) EN ANEXO I, FIRMADO POLO DIRECTOR DA PROBA, PRESIDENTE DA ESCUDERIA, XEFE DE SEGURIDADE VIAL, E SELO DA ENTIDADE (ORIXINAIS)**

NOTA: Ante a proliferación do incumprimento da normativa, **en materia de non axustarse o percorrido tipo de Slalom**, e de facer unha mini proba de velocidade con portas, a Comisión de Slalom acorda:

O Observador, inspeccionará o trazado antes da celebración da proba, e terá plenos poderes para evacuar un informe vinculante que poderá iniciar expediente de anulación da proba do Campionato de Galicia de Slalom 2015; con posterior traslado da denuncia o Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo. Informase que o citado informe do Observador pode conlevar que a proba non puntue nin bloque resultados, quedando anulada do Campionato de Galicia de Slalom 2015, a tódolos efectos; con posibilidade de **esixir danos colaterais** dos pilotos ós organizadores.



X) TRAZADO DO CIRCUITO CON DISTANCIAS:



Fdo: Director da Proba
33283771B. GA-0985-OA

Entidade: Escudería Touro Motor
C.I.F.: G – 70.120.733

Asdo: Presidente D. José Ramón González Villar
Licencia GA-1864-OA

Fdo: Xefe de Seguridade Vial
33279440G. GA-1864-OA





ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTO-CROSS, KARTING, SLALOM E TRIAL 4x4 -CONCENTRACIÓNS:

1.- Por acordo Asembleario, votado por unanimidade, é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2015 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

2- Para puntuar nos Campionatos e Copas, que se organicen na Comunidade Autónoma de Galicia, será obrigatorio para concursantes e participantes (Pilotos, Navegantes, e Asistencias) estar en posesión das licencias autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Toda proba que se celebre no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, para ser puntuable nos Campionatos, Copas, Fórmulas de Promoción e Monomarcas, en Galicia, terán que admitir obrigatoriamente a participación con licencias autonómicas, expedidas pola F.G. de A.; no caso contrario a proba non se admitirá en ditos Campionatos, e o seu incumprimento implicará a perda de subvencións oficiais pactadas pola F.G. de A.

4.- Para a tempada 2015, e vindeiras, admítense a participar, sen puntuar para os Campionatos, pero sí para as Fórmulas de Promoción os licenciados da Federación Portuguesa de Automobilismo e Karting, e tódalas licencias autonómicas conveniadas coa Federación Galega de Automobilismo (Asturias, Cantabria, Euskadi, Navarra, Rioja, Extremadura, Murcia, Valencia , Baleares, Castilla-La Mancha), e as que se asinen a través da tempada 2015.

5.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da Federación Galega de Automobilismo, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á Federación Galega de Automobilismo para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

6.- Por acordo Asembleario, de data 23 de novembro de 2013, transcríbese literalmente a adopción do acordo vinculante para as escuderías afiliadas a F.G. de A., para a tempada 2014 e sucesivas: En tódalas actividades relacionadas co automobilismo que se desenrolen na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan de tipo deportivo, competitivo, lúdicas, de exhibición, paseos de elegancia, de regularidade, puntuables para os Campionatos Galegos, ou non, ou de calquera outro tipo, organizadas por entidades deportivas, escuderías ou persoas físicas, afiliadas á Federación Galega de Automobilismo, **non estará permitida a exclusión ou restricción da participación nas mesmas de persoas ou entidades que contén con licencia en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo.** O incumprimento do presente acordo poderá dar lugar a responsabilidades disciplinarias, das entidades-escuderías, ou persoas responsables de conformidade co art. 87.ñ) dos vixentes estatutos, e **terá a consideración de incumprimento de "especial gravidade"**, con imposición das sancións que procedan polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Automobilismo.

PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS


REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	07/Novembro/2015	09:00	SALA DE COMISARIOS DEPORTIVOS
2ª		11:30	SALA DE COMISARIOS DEPORTIVOS
3ª		20:00	SALA DE COMISARIOS DEPORTIVOS

A Sala de Comisarios Deportivos estará situada en: TOURO



XVII SLALOM CONCELLO DE TOURO

7 de Novembro de 2.015



	CONCURSANTE	CONDUCTOR	ASISTENCIA
NOME			
1º APELIDO			
2º APELIDO			
D.N.I / N.I.F.			
DOMICILIO			
LOCALIDADE			
PROVINCIA - C.P.			
TELEFONO			
LICENZA	GA- -	GA- -	GA- -

VEHÍCULO				
MARCA	MODELO	MATRÍCULA	C.C.	AGRUPACIÓN
COMPAÑÍA DE SEGUROS		NÚMERO DE PÓLIZA	DATA CADUCIDADE	

O Concuriante, declara baixo a súa responsabilidade, que o vehículo debe quedar clasificado na Agrupación sinalada anteriormente.

PAGO DE INSCRICIÓN				
Ingreso na Conta:	ENTIDADE	OFICIÑA	D. C.	NÚMERO DE CONTA
	2080	0321	77	3040007995
Importe da Inscripción:	<input type="checkbox"/> 50,00 €uros (Aceptando a Publicidade Facultativa)			
	<input type="checkbox"/> 100,00 €uros (NON Aceptando a Publicidade Facultativa)			

COBRO DE PREMIOS				
Conta Bancaria para Transferencia de Premios:	ENTIDADE	OFICIÑA	D. C.	NÚMERO DE CONTA

IMPORTANTE: A non presenza na Entrega de Premios por parte do Piloto, implica que RENUNCIA aos Premios, tanto en Metálico como Trofeos.

O Concuriante subscrito solicita a súa inscrición para participar no **XVII SLALOM CONCELLO DE TOURO**, declarando coñecer o Regulamento da Proba, ó cal se somete aceptando sen ningunha reserva, tanto por si mesmo como polos seus conductores.

ESTE BOLETÍN DE INSCRICIÓN SERÁ DEBIDAMENTE CUBERTO E ENVIADO Ó MAIL (PREFERENTEMENTE) OU Ó FAX DA ESCUDERIA TOURO MOTOR (AMBOS INDICADOS NA PARTE SUPERIOR DESTA BOLETÍN).

Asdo: O Concuriante

En _____, a _____ de _____ de 2.015